



## NOTA INFORMATIVA PARA OS TITULARES DE POSTOS NOS MERCADILLOS MUNICIPAIS DE BALTAR E VILALONGA

Lémbrese que dende o **1 DE SETEMBRO ó 31 DE OUTUBRO de 2021** estará aberto o prazo para solicitar a autorización dos postos nos mercadillos de Baltar e Vilalonga para o ano 2022 para logo adoptar as decisións oportunas a Xunta de Goberno Local. É requisito inescusable presentar a solicitude cuberta coa documentación esixida na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Concello de Sanxenxo, que é a seguinte:

- Impreso de solicitude/renovación cuberto cos seguintes datos:
  - Nome e apelidos ou razón social, DNI, NIE, pasaporte ou CIF, domicilio e teléfono.
  - Lugar no que se solicita o posto de venda.
  - Número de posto e metros frontais que se pretenden ocupar.
  - Mercadoría ou artigos obxecto de venda.
  
- Certificación de Facenda de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente e certificado de atoparse ó corrente no pago das cotas.
  
- Xustificante de estar afiliado á Seguridade Social e certificado de non ter débedas coa mesma.
  
- No caso de ter o titular traballadores á súa conta, copia do último TC2 ou contrato de traballo.
  
- Carne de manipulador de alimentos para os postos de alimentación.
  
- Seguro de responsabilidade civil do posto.
  
- ◆ As solicitudes deberán formularse durante os meses de setembro e outubro de cada ano e serán resoltas durante os meses de novembro e decembro. Se a solicitude de iniciación non reunise os requisitos esixidos requirirase ao interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución.
  
- ◆ Para o caso de presentación de solicitudes e documentación esixida de xeito presencial deberán solicitar cita chamando previamente ao nº de teléfono 986.72.00.75.
  
- ◆ Caso de quedar postos sen adxudicar, poderá autorizarse a súa utilización por aqueles interesados que, cumprindo os requisitos establecidos, así o solicitasen con posterioridade ao referido prazo, atendendo as solicitudes segundo a súa orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello.
  
- ◆ A falta de pagamento dalgún recibo durante máis dun mes poderá ser causa de revogación da autorización.

Sanxenxo, á data da sinatura electrónica, O concelleiro de Economía, Marcos Guisasola Padín

